

O SAMAÍN

A festa do Samaín era a data máis perigosa do calendario celta, posto que o mundo dos mortos facíase accesible para os mortais, podendo pasar a formar parte del por culpa dun feitizo ou meigallo.

Cando chegaban as celebracións do Samaín (ao chegaren as longas noites escuras), os celtas colocaban unhas velas rudimentarias no interior das caveiras dos inimigos mortos, poñéndoas nos cruces de camiños, nos arredores e nas muradas dos seus castros, co obxecto de arrepiaren os inimigos, para asombro e veneración das súas xentes e para esconxurar os perigos da Celebración.



Co paso do tempo fíxose costume baleirar nabos de grande tamaño e posteriormente cabazas, para poñerlles dentro candeas e colocalas nas beiras dos camiños, entre as silveiras, ... para meter medo aos veciños.



Esta tradición que se mantén nalgunhas zonas de Galicia, tamén se pode atopar en:

□ Zonas de Asturias, onde a véspera de Todos os Santos colocábanse cabazas iluminadas nos cruces dos camiños e nas abas dos montes cercanos ás aldeas.

□ Bretaña, Escocia e Irlanda, onde o Samaín ou a celebración do cambio de estación era tempo de encontro co espírito dos seus defuntos representados cun nabo grande baldeirado e cunha candeas no interior. Durante a festividade, que duraba tres días, acendían un lume no centro do poboado e as xentes ían coller unha tea prendida para poñela nas súas lareiras.

O Samaín chegaría aos Estados Unidos coa emigración irlandesa e converteríase no Halloween.